

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	O CORGO
Edificio	Igrexa de Santa Mariña de Cabreiros
Dirección	Lugar de Santa Mariña, s/n. 27163
	42.946854 -7.470977
Protección	
Descrición	<p>Igrexa parroquial románica, situada nun pequeno outeiriño, de planta rectangular con muros de pedra granítica e con cuberta a dúas augas de lousas de pizarra sobre estrutura de madeira.</p> <p>Ten unha aspilleira en cada lateral, cun derrame interior de perfil cadrado. Conserva comixa sobre modillóns toscos, algúns historiados (cabezas de animais, humanas, froes, esferas, etc.).</p> <p>No lateral sur ten unha porta tapiada con arco de medio punto sen impostas e sobre ela catro ménsulas, resto do desaparecido porche.</p> <p>Ten piso de madeira e un coro alto ós pes. Pía bautismal de 1980, o frontis é de 1927 con porta alintelada e espadana dun van.</p> <p>A ábsida é máis baixa e reducida, de pranta rectangular, ten comixa sobre modillóns similares ós da nave; unha fiestra no lateral sur. No lenzo posterior hai unha arquivolta de moldura tórica, protexida por unha figura saínte biselada, descansando dita arquivolta sobre impostas e capiteis de follas, tendo desaparecido as columnas correspondentes.</p> <p>Ten un arco triunfal dobre, de sección triangular, con impostas sinxelas, sobre pilastras. Sobre o arco triunfal hai unha aspilleira.</p>
Campás	1 campá.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	MOURE, Xabier & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	22-07-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Única.</u>	<u>PORTILLA, HERMANOS</u>	1981	45	53

Información completa: [Igrexa de Santa Mariña de Cabreiros - O CORGO \(GALICIA\)](#)

